



Resolución R 3/2014 – Tanatorio de Catoira

Pleno:

D. Francisco Hernández Rodríguez, presidente
D. Fernando Cachafeiro García, vocal

En Santiago de Compostela, a 4 de xullo de 2014.

O Consello Galego da Competencia (CGC), coa composición arriba expresada e sendo relator D. Fernando Cachafeiro García, ditou a seguinte Resolución nos Expedientes S7/2012 e S20/2012, que trae a súa causa na denuncia presentada pola Asociación de Empresarios de Pompas Fúnebres da provincia de Pontevedra contra Pompas Fúnebres de Arousa, SL pola realización de condutas contrarias á *Lei 15/2007, de 3 de xullo, de defensa da competencia* na xestión do tanatorio municipal do que é concesionaria.

ANTECEDENTES DE FEITO

1. O 11 de abril e o 5 de outubro de 2012 a Asociación de Empresarios de Pompas Fúnebres da provincia de Pontevedra presentou no Rexistro do Consello Galego da Competencia senllas denuncias contra Pompas Fúnebres de Arousa, SL, por presunta infracción da Lei de Defensa da Competencia (LDC) na explotación, en réxime de concesión administrativa, do tanatorio municipal do concello de Catoira. Segundo a denunciante, a conduta restritiva da competencia na que incorreu a concesionaria do tanatorio consistiu en: a) denegar o acceso ás instalacións a un vehículo funerario pertencente a unha empresa rival no mercado de servizos funerarios; b) impoñer un prezo excesivo ás empresas rivais que desexan utilizar as instalacións do tanatorio municipal. Respecto desta cuestión, a denunciante alega que o importe das tarifas que establece a concesionaria é moi superior ao indicado na Ordenanza fiscal da concesión.
2. Con datas de 8 de novembro de 2012 e 18 de xaneiro de 2013, a Subdirección de Investigación do CGC acordou incoar os expedientes sancionadores S 7/2012 e S 20/2012, respectivamente, fronte a Pompas Fúnebres de Arousa, S. L., posteriormente acumulados por resolución de 21 de xaneiro de 2013.
3. En data de 18 de xullo de 2013, a Subdirección de Investigación do CGC acordou ampliar o expediente fronte ao Concello de Catoira pola realización de condutas prohibidas pola Lei de Defensa da Competencia.
4. O 26 de novembro de 2013, a Subdirección de Investigación elevou ao Pleno de Consello Galego da Competencia a súa Proposta de Resolución na que literalmente se conclúe que:

“Tras a análise da documentación contida no expediente, o SUBDIC solicita que o Pleno do Consello Galego da Competencia:

PRIMEIRO. Declare a existencia dunha infracción grave, de acordo co establecido no artigo 62.3.a) LDC, pola comisión dunha práctica colusoria sinalada no artigo 1.1.d) LDC e sinale como responsables á empresa Pompas Fúnebres de Arousa, S.L e ao Concello de Catoira.

SEGUNDO. Subsidiariamente, e para o caso de que non estime a existencia dunha práctica colusoria, declare a existencia dunha infracción moi grave, conforme ao artigo 62.4.b) LDC, pola comisión do abuso de posición de dominio previsto no artigo 2.2. d) LDC e sinale como responsable á empresa Pompas Fúnebres de Arousa, S.L.

TERCEIRO. Que se arquiven as actuacións seguidas no procedemento 7/2012 en canto á denuncia contra Pompas Fúnebres de Arousa, S.L., por abuso de posición de dominio na modalidade de denegación de acceso ao Tanatorio Municipal de Catoira.

CUARTO. Intime ás partes para que cesen nas prácticas anticompetitivas e se absteñan de cometelas no futuro.”

5. En data de 25 de marzo de 2014, O Pleno do Consello Galego da Competencia adoptou o acordo de instar á Subdirección de Investigación a que redactase unha nova Proposta de resolución na que propoña unha exacta cualificación xurídica e se identifique á persoa ou persoas que se consideran responsables da conduta.
6. En data de 21 de maio de 2014, a Subdirección de Investigación elevou ao Pleno do CGC unha nova Proposta de Resolución, nos termos seguintes:

“PRIMEIRO. Declare a existencia dunha infracción moi grave, de acordo co artigo 62.4.b) LDC, pola comisión do abuso de posición de dominio previsto no artigo 2.2.d) LDC e sinale como responsable á empresa Pompas Fúnebres de Arousa, SL.

SEGUNDO. Proceda ao arquivo das actuacións seguidas no procedemento 7/2012 en canto á denuncia contra Pompas Fúnebres de Arousa, SL, por abuso de posición de dominio na modalidade de denegación de acceso ao Tanatorio Municipal de Catoira.

TERCEIRO. Intime ás partes para que cesen as prácticas anticompetitivas e se absteñan de cometelas no futuro.

CUARTO. Dispoña a difusión da resolución sancionadora, por conta de Pompas Fúnebres de Arousa, SL, no ámbito e polos medios que estime máis convenientes para garantir a rápida restauración da competencia”.
7. O Pleno de Consello Galego da Competencia deliberou e pronunciouse sobre o presente asunto na súa reunión de 4 de xullo de 2014.
8. Son interesados, no presente expediente, os seguintes:
 - Asociación de Empresarios de Pompas Fúnebres de Pontevedra
 - Pompas Fúnebres de Arousa, S. L.



- Concello de Catoira
- Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia

ANTECEDENTES DE FEITO

Conforme ao Prego de Concreción de Feitos notificado ás partes e reproducido no Informe e Proposta de Resolución elevado ao Pleno do Consello Galego da Competencia, considérase acreditados e relevantes para a resolución deste expediente os feitos seguintes:

I. As partes

9. A entidade denunciante, a Asociación de Empresarios de Pompas Fúnebres da Provincia de Pontevedra, desempeña a súa actividade na provincia de Pontevedra, con capacidade para actuar en representación dos seus asociados ante Autoridades e Tribunais de calquera xurisdición.

10. A denunciada, Pompas Fúnebres de Arousa, S.L., é unha sociedade mercantil de responsabilidade limitada constituída en 1984 co obxecto social de realizar todo tipo de servizos relacionados coas pompas fúnebres e o transporte de enfermos e cadáveres. Na súa páxina web infórmase de que a empresa abarca todo tipo de servizos do sector funerario.

11. Pompas Fúnebres de Arousa é adxudicataria do contrato de xestión de servizos públicos sobre o tanatorio municipal de Catoira. Na súa condición de adxudicatario, comprometeuse á construción e equipamento do tanatorio, así como á súa xestión con arranxo ao Prego de cláusulas administrativas particulares. A duración do contrato é de vinte anos a contar desde a data de posta en funcionamento do servizo, prorrogables por outros vinte.

12. O Concello de Catoira é unha Corporación Local sita na provincia de Pontevedra. Como tal, constitúe unha Administración pública territorial que exerce a súa xurisdición sobre o territorio correspondente ao termo municipal de Catoira; exerce as potestades e funcións e presta os servizos de acordo co disposto na lexislación administrativa xeral, a de réxime local e a súa normativa propia.

II. Marco normativo relevante

13. O marco normativo do mercado dos servizos funerarios caracterízase pola súa dispersión, escasa transparencia e por unha amplísima casuística de requisitos para exercer a actividade. Como afirma a Subdirección de Investigación do CGC na súa Proposta de resolución, a dispersión normativa débese, principalmente, aos dous factores: a) o mercado contén multitude de funcións, aspectos e actividades (sanidade mortuoria,

transporte, protección de consumidores, etc.) suxeitos cada un deles a regulación específica; e *b)* a distribución competencial entre a Administración do Estado, as Comunidades Autónomas e os Entes Locais.

14. A Lei de Bases do Réxime Local atribúe aos municipios as competencias de cemiterios e servizos funerarios. No pasado, a Lei consideraba os servizos mortuorios como servizos esenciais, reservando dita actividade ás Entidades Locais. Posteriormente, o Real decreto-lei 7/1996 sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica, liberalizou tamén os servizos funerarios, eliminando a reserva ata entón vixente. Con todo, as normas que regulaban as autorizacións para a prestación dos servizos funerarios con frecuencia establecían esixencias inxustificadas que desvirtuaron a liberalización do sector.
15. A Lei 24/2005 de reformas para o impulso da produtividade, deu un novo impulso á liberación en dous aspectos fundamentais: *a)* o Estado e as Comunidades Autónomas deben fixar os criterios mínimos de acordo cos cales os municipios poderían fixar eses requisitos obxectivos e necesarios para obter a autorización; e *b)* Os prestadores de servizos autorizados poden realizar a actividade concreta de traslado de cadáveres en todo o territorio español se cumpren as normas de policía sanitaria mortuoria que resulten aplicables.
16. No ámbito da nosa Comunidade Autónoma, o Decreto 134/1998, do 23 de abril, que aproba o Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria, regula as seguintes materias: *a)* Toda clase de prácticas sanitarias sobre cadáveres; *b)* As condicións técnico-sanitarias que deben reunir as empresas funerarias, tanatorios, velorios e crematorios de carácter público ou privado nos traballos que realizan e medios que empregan para o transporte de cadáveres e restos cadavéricos; *c)* As condicións técnico-sanitarias que teñen que cumprir os cemiterios e os demais lugares de enterramento autorizados; e *d)* As normas sanitarias no tratamento dos restos cadavéricos.

III. Sector económico

17. O sector dos servizos funerarios comprende unha pluralidade de actividades. Sen prexuízo do que expoñeremos máis adiante, a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, no seu Informe de 20 de outubro de 2004 sobre a concentración C-85/04–*Intur/Euro Stewart*, recoñece a existencia dun mercado de servizos *mortuorios* que inclúe todas as actividades necesarias desde o falecemento dunha persoa ata o momento en que recibe sepultura ou é incinerada, no que cabe diferenciar –como mercados separados– os *servizos funerarios* (que inclúe, entre outros, o traslado de cadáveres fora do termo municipal), os *servizos de tanatorio* e os *servizos de cemiterio*.

18. Nesta liña, nun Estudo conxunto dos Ministerios de Economía e Sanidade sobre os servizos funerarios en España, de 28 de xuño de 2010, distínguense as seguintes actividades: a) Servizos principais: que inclúen información sobre os trámites administrativos preceptivos da defunción; prácticas hixiénicas no cadáver e restos humanos; subministración de féretros e demais material funerario; colocación no féretro e traslados do cadáver ou restos humanos; b) Servizos de tanatorio: que inclúen velorio; tanatopraxia, tanatoestética e demais prácticas sanitarias; depósito de cadáveres; xunto con calquera que requira o uso de instalacións específicas; e c) Servizos complementarios: organización de exequias segundo usos e costumes sociais, culturais e relixiosas; aluguer de vehículos de acompañamento; publicación de necrolóxicas; axuda psicolóxica, etc.
19. En definitiva, o presente expediente afecta o mercado de servizos funerarios ou mortuorios, no que cabe diferenciar dúas actividades diferentes: a) o servizo de transporte de cadáveres desde o domicilio no lugar de falecemento ao tanatorio, proporcionado por unha “empresa de servizos funerarios”; e b) o servizo de tanatorio, subministrado por unha “empresa de tanatorio”, aínda que é frecuente que unha mesma empresa preste os dous tipos de servizos.

IV. Feitos

20. No ano 2008, o Concello de Catoira acorda licitar, mediante procedemento aberto, o contrato de xestión de servizos públicos, modalidade de concesión, para a execución da obra e xestión do Tanatorio Municipal de Catoira. Segundo o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), o obxecto do contrato é a concesión da xestión indirecta do servizo público de tanatorio, previa a construción da edificación nun terreo municipal. O contrato outorga ao concesionario o dereito de uso das salas do tanatorio e das súas instalacións en réxime de concesión administrativa. Dita concesión outórgase por un prazo máximo de 20 anos, a contar desde a data de posta en funcionamento do servizo. E será prorrogable por outros 20 anos, logo de acordo das partes realizado antes de seis meses da terminación do primeiro período e aprobada polo Concello en Pleno. O apartado 9 do PCAP dispón que o órgano de contratación aceptará a tarifa “libremente ofertada” polo adxudicatario da concesión.
21. En data 25 de novembro do 2008, o Pleno do Concello de Catoira adoptou por unanimidade o acordo de adxudicación do contrato de construción e xestión do tanatorio municipal, mediante concesión, á empresa Pompas Fúnebres de Arousa “*nos termos que figuran no Prego de Condicións e na súa oferta*”.
22. Na oferta presentada por Pompas Fúnebres de Arousa no proceso de adxudicación, a Proposición Económica e Referencias (documento 21 do

expediente) distingue dous tipos de tarifas relacionadas co tanatorio de Catoira: a) as tarifas pola *subcontratación* dos servizos de tanatorio, que se aplican coa condición de que “o servizo sexa *integramente contratado a Pompas Fúnebres de Arousa*”; e b) as tarifas polo *aluguer* das salas do tanatorio que, por exclusión, aplícanse cando outra empresa realiza algún servizo relacionado co falecemento dunha persoa. O importe das tarifas por aluguer de salas é moi superior ao que corresponde en caso de subcontratación.

23. Dentro das tarifas pola subcontratación, o concesionario distingue –á súa vez- dúas categorías en función de que o servizo sexa contratado directamente polo cliente (*tarifas ao público*) ou por outras empresas de servizos funerarios (*tarifas a profesionais*). As segundas son lixeiramente máis baratas que as primeiras, co argumento de que “os *profesionais do sector teñen que ter unha marxe de beneficio*”. Posto que neste expediente interésanos o impacto que as tarifas do concesionario ten sobre a competencia en xeral e sobre os rivais, en particular, centraremos a nosa atención unicamente nas tarifas a profesionais.
24. As diferenzas que existen entre as tarifas que se cobran ás empresas rivais pola subcontratación de servizos e polo aluguer das salas, poden observarse na seguinte táboa (os prezos inclúen o IVE):



TARIFAS POR SUBCONTRATACIÓN (profesionais e particulares)	TARIFAS POR ALUGUER DE SALA
Sala velorio, equipo instalación túmulo e persoal 420 € (particulares) 400 € (profesionais)	Sala velorio (420 €)
	Uso túmulo refrixerado (180 €)
	Servizo de persoal de tanatorio (218,90 €)
Preparación do defunto 78 € (particulares) 80 € (profesionais)	Servizo nocturno (63,80 €)
Xestión 218,90 € (particulares) 98, 61 (profesionais)	
Utilización da capilla <i>Segundo aranceis da parroquia</i>	
717,7 € (particulares) 577,41 € (profesionais)	1.087,11 € (excluíndo o concepto "exceso 24 horas")

25.O 10 de decembro de 2008, o Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) publicou a Ordenanza Fiscal número 11 do Concello de Catoira, reguladora da taxa polo servizo de Tanatorio Municipal. Os prezos previstos na dita normativa non teñen nada ver cos que figuran na proposta contractual pois son homoxéneos e non dependen de que empresa funeraria efectúe os servizos funerarios.

26.A prestación do servizo de tanatorio nas instalacións do Tanatorio Municipal de Catoira comezou o día 29 de maio do 2011.

27. O concesionario ten a obrigaón de aplicar as tarifas propostas, sen que poida modificalas de maneira unilateral. O Prego de Prescricións Técnicas (PPT) especifica que o concesionario debe aterse aos prezos fixados na concesión. En concreto, establece que a relación de tarifas ha de autorizarse previamente polo Concello e expoñerse á vista do público. Os prezos levarán incorporado o IVE e poderán ser obxecto de revisión ao final de cada ano natural, de acordo co IPC Explicitamente sinala que *“el adjudicatario se obliga a mantener, durante el plazo de duración de la concesión, los precios (...) No caben otras modificaciones que no sean autorizadas expresamente por el Ayuntamiento, para los casos establecidos en el supuesto de restablecimiento del equilibrio económico”*.
28. A concesionaria recoñece que modificou –en dúas ocasións- as tarifas polo aluguer das salas do tanatorio. No seu correo electrónico de 23 de xaneiro de 2013 (documento 54 do expediente), Pompas Fúnebres de Arousa afirma que *“ata o 31 de decembro de 2012”* a tarifa mínima por aluguer de sala pasou a ser de 1.206,79 (IVE incl.) á que habería que sumar os importes complementarios por servizo nocturno ou exceso de horas.
29. A tarifa mencionada, supostamente en vigor ata finais de 2012, non se corresponde –con todo- coa tarifa de aluguer de sala que Pompas Fúnebres de Arousa, en reposta á súa solicitude de aluguer, envioulle por fax a Funeraria San Antonio en data de 2 de agosto de 2012 (documento número 1 do expediente). No citado documento indícase o seguinte: *“achegamos a nova tarifa de servizo de aluguer nas nosas instalacións, válida a partir do día 15 de xullo de 2012”*, cuxo importe ascende a 1.475 euros (IVE incl.) ó que habería que engadir os importes complementarios por servizo nocturno ou exceso de horas.
30. No ano 2013, o concesionario manifesta que as tarifas polo aluguer das instalacións son as mesmas que no 2012 (na súa última versión) cun incremento do 2% para reflectir o aumento do índice xeral de prezos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: Obxecto da resolución

31. O artigo 2 da LDC prohibe a explotación abusiva dunha posición dominante en todo ou parte do territorio nacional. O presente expediente ten por obxecto examinar se a política de prezos que Pompas Fúnebres de Arousa estableceu para acceder ao tanatorio de Catoira, causa un prexuízo potencial aos restantes competidores e, en xeral, á competencia no mercado.

Segundo: Cuestión previa

32. Antes de entrar no fondo do asunto, é preciso aludir á posible vulneración das garantías da denunciada como consecuencia da imposibilidade de acceder a un documento do expediente. No seu escrito de alegacións á segundo proposta de resolución, de 14 de xuño de 2014 (documento 144 do expediente) a representación de Pompas Fúnebres de Arousa afirma que: *“o Instrutor incorre nunha infracción do artigo 31 do Regulamento de Defensa da Competencia (...) posto que esta parte non tivo acceso ao suposto documento núm. 120”*.
33. O artigo 31 do Regulamento faculta aos interesados para acceder ao expediente de todos os documentos que o integren, fóra dos segredos comerciais (...) ou de calquera outra información confidencial, mediante a súa personación nas dependencias da autoridade da competencia. No presente asunto, o administrador de Pompas Fúnebres de Arousa presentouse nas dependencias do Consello Galego da Competencia o día 5 de decembro de 2013 (así consta en acta de comparecencia, documento número 106 do expediente). A propia empresa recoñece que, na súa comparecencia, tivo acceso aos documentos numerados do 1 ao 105 do mesmo, que eran os que –naquela data- obraban no expediente. A razón pola que non puido acceder ao documento número 120 é que devandito documento foi remitido á Subdirección de Investigación por correo electrónico o día 23 de xaneiro de 2014, é dicir, con posterioridade á data da súa visita. Non hai por tanto vulneración algunha do dereito de acceso ao expediente que regula o mencionado artigo 31 do Regulamento.
34. Por outra banda, o documento é irrelevante para os efectos de resolver o presente procedemento. O documento 120 alude á cuestión de se denegouse ou non o acceso ao tanatorio a unha empresa rival por unha causa ilexítima (ausencia de certificado de falecemento). Durante a instrución, a Subdirección de Investigación investigou dúas posibles condutas abusivas, a denegación de acceso ao tanatorio e a fixación de tarifas discriminatorias aínda que, ao final, unicamente propuxo sanción para a segunda conduta ao entender que a primeira non fora acreditada. Dado que a denegación de acceso ao tanatorio xa non é obxecto do presente expediente, a suposta omisión/perda do documento 120 durante a comparecencia de 5 de decembro de 2013, aínda que se tivera producido, non afectaría ao dereito de defensa de Pompas Fúnebres de Arousa.

Terceiro: Acreditación das condutas obxecto do expediente

35. Delimitado nestes termos o obxecto do expediente, é necesario coñecer cal foi o prezo dos servizos que a concesionaria do tanatorio municipal ofreceu a clientes e empresas reais.

36. As tarifas contidas na Proposición Económica son as que rexen para os servizos do tanatorio municipal desde o comezo das súas actividades o 29 de maio de 2011. Así se deduce tanto do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do expediente de contratación, como do Acordo do Pleno do Concello de Catoira no que se adoptou o acordo de adxudicar o contrato a Pompas Fúnebres de Arousa. En efecto, no primeiro dise que o órgano de contratación aceptará a tarifa “libremente ofertada” polo adxudicatario da concesión, mentres que no segundo ratifícase que se adxudica o contrato de concesión “*nos termos que figuran no Prego de Condicións e na súa oferta*”.
37. A análise da proposta económica permite colexir que, durante o ano 2011, a tarifa polo aluguer de sala (1.087,11 €) practicamente dobra á tarifa pola subcontratación de servizos a profesionais (577,41 €).
38. Posteriormente, ao longo de 2012, a propia denunciante recoñece que aplicou unhas tarifas para o aluguer das salas de tanatorio diferentes ás previstas na súa proposta económica. No seu correo electrónico de 23 de xaneiro de 2012 afirma que o importe do aluguer de sala “ata finais de 2012” é de 1.206,79 (IVE incl.) á que habería que sumar os importes complementarios por servizo nocturno (70,88 €) ou exceso de horas (61,10 € exceso de 24 horas ou fracción).
39. Outro documento obrante en autos, o fax enviado pola denunciada o 2 de agosto de 2012 a Funeraria San Antonio, permite comprobar que –polo menos desde xullo de 2012, a tarifa polo aluguer de sala tampouco era a que figura na documentación contractual, senón outra que ascende a 1.475 euros (IVE incl.) á que tamén habería que engadir os importes complementarios por servizo nocturno (120 €) ou exceso de horas (55€ prezo por hora ou fracción).
40. Durante o ano 2013, Pompas Fúnebres de Arousa manifesta que mantén a última versión das tarifas, incrementada nun 2% polo IPC.
41. En definitiva, quedou acreditado no expediente que a tarifa polo aluguer de salas practicamente triplica a tarifa por subcontratación ou, o que é o mesmo, que a empresa que desexe prestar servizos de tanatorio no concello de Catoira ten que pagar tres veces máis se quere realizar ela mesma a prestación, que se o fai Pompas Fúnebres de Arousa.

Cuarto: Posición dominante

42. A sentenza *United Brands* do Tribunal de Xustiza (14 de febreiro de 1978, asunto 27/76) define a posición dominante como “*unha situación de poder económico que permite a unha empresa actuar en gran medida de forma independente dos seus competidores e clientes*”. Por tanto, se unha empresa é dominante nun mercado pode limitar a súa produción e

consequently aumentar os seus prezos por encima do nivel que terían nun mercado competitivo, sen que existan competidores que poidan contrarrestar este efecto e sen provocar por elo a entrada de novos competidores no mercado. Noutras palabras, existe posición de dominio cando unha empresa pode aumentar os seus prezos sen que a perda de vendas que vai experimentar por esta medida, a prive dos beneficios que obtén co aumento. Na práctica, para determinar se unha empresa goza de poder de mercado é preciso, en primeiro lugar, identificar o “mercado relevante” porque unha empresa só exerce a súa influencia respecto do mercado particular no que vende ou compra os seus produtos e servizos. E, en segundo lugar, é necesario determinar se goza dunha posición de poder económico no devandito mercado.

Mercado relevante

43. O mercado relevante é un concepto que permite identificar aos competidores reais das empresas examinadas. A *Comunicación da Comisión Europea 97/C 372/03 sobre definición do mercado relevante* ofrece as pautas para unha correcta delimitación dos mercados afectados por unha conduta susceptible de restrinxir a competencia. De acordo con este documento, para a delimitación do mercado relevante é preciso ter en conta, dun lado, os produtos e servizos afectados (“mercado de produto”) e, doutro, o ámbito espacial no que operan as empresas (“mercado xeográfico”).

a) Mercado de produto

44. Como xa tivemos ocasión de expoñer na nosa Resolución de 10 de xullo de 2012, no Expte. R1/2012–*Tanatorio de Valga*, o mercado de produto comprende “a *totalidade dos produtos e servizos que os consumidores consideren intercambiables ou sustituíbles en razón das súas características, o seu prezo ou o uso que se prevexa facer deles*”. Para a súa delimitación debe examinarse como afecta á oferta e a demanda dun produto, o aumento pequeno pero significativo dos prezos do mesmo, o denominado “SSNIP test” (*Small but Significant non Transitory Increase in Price*). Se un pequeno aumento no prezo dun produto X fai que os consumidores (a demanda) compren E, iso significa que X e E están no mesmo mercado ou, o que é o mesmo, que se trata de produtos substitutivos ou intercambiables. Así mesmo deben observarse as consecuencias que ten o pequeno aumento do prezo desde o punto de vista da oferta dado que –en ocasións– os produtos non son substituíbles aos ollos do consumidor, pero si os son para os produtores. Por tanto, se o aumento do prezo dun produto X provoca que os fabricantes de E comecen a fabricar X atraídos pola alza do seu prezo, iso tamén significa que ambos os produtos pertencen ao mesmo mercado. A delimitación do mercado debe ter en conta tanto a substituíbilidade do produto desde o punto de vista da demanda, como da oferta.

- 45.A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia pronunciouse reiteradamente sobre a delimitación do mercado relevante no ámbito dos servizos afectados polo presente expediente. Así, no seu Informe de 20 de outubro de 2004 sobre a concentración C-85/04–*Intur/Euro Stewart*, a autoridade de competencia alude á existencia dun mercado de “servizos mortuorios” que inclúe todas as actividades necesarias desde o falecemento dunha persoa ata o momento en que recibe sepultura ou é incinerada e no que cabe diferenciar –como mercados separados- os servizos funerarios (que inclúe, entre outros, o traslado de cadáveres fora do termo municipal), os servizos de tanatorio e os de cemiterio.
- 46.Continuando con informe comentado, reiterado posteriormente en diversas resolucións, estes mercados poden definirse do modo seguinte: a) servizos funerarios, entre os que se atopan o acondicionamento dos cadáveres, amortallamento, subministración de féretros, cadaleitos, arcas e urnas, enferetramiento, servizos de coches fúnebres e organización do acto do enterro, subministración de flores e coroas, traslado de cadáveres fose do termo municipal e dilixencias para o rexistro da defunción e autorización da sepultura; b) Servizos de tanatorio, que comprende o velorio dos falecidos en adecuadas condicións hixiénico-sanitarias, e as prácticas para o tratamento dos cadáveres de conformidade co autorizado polas leis; e c) Servizos de cemiterio, que son os realizados desde a descarga do féretro ata o enterramento, así como a redución en nichos e en sepulturas. Trátase dun servizo público obrigatorio que debe prestarse en todos os municipios, aínda que cabe a competencia coa iniciativa privada.
- 47.No caso que nos ocupa, o mercado de produto relevante está constituído polos servizos de tanatorio, na medida en que a conduta de Pompas Fúnebres de Arousa garda relación co prezo dos servizos de aluguer das salas do tanatorio municipal ás empresas rivais. A conduta incide, así mesmo, no mercado conexo de servizos funerarios, pola íntima conexión que existe entre ambos os servizos, tal e como expoñeremos máis adiante.
- b) Mercado xeográfico*
- 48.En liña coa argumentación que expuxemos no expediente R1/2012–*Tanatorio de Valga*, os mercados deben tamén delimitarse desde un punto de vista xeográfico, co fin de determinar se as empresas de distintas zonas constitúen unha fonte de subministración alternativa para os consumidores. O mercado xeográfico de referencia defínese como “a zona na que as empresas afectadas desenvolven actividades de subministración dos produtos e de prestación dos servizos de referencia, na que as condicións de competencia son suficientemente homoxéneas e que pode distinguirse doutras zonas xeográficas próximas debido, en particular, a que as condicións de competencia nela prevalecentes son sensiblemente distintas a aquelas”. A delimitación do mercado xeográfico baséase igualmente na

análise da substitución da oferta e da demanda como consecuencia da alteración dos prezos, debendo responder á pregunta de se os clientes transferirían os seus pedidos a empresas noutras localizacións ou se estas presentarían a súa oferta atraídas polo elevado prezo ofrecido polos provedores locais. Desde o punto de vista da oferta, analízanse os obstáculos que poden ter os produtores doutras localizacións para realizar as vendas nun territorio ou os obstáculos normativos para instalarse. Desde o punto de vista da demanda, obsérvanse as pautas de conduta dos consumidores e os distintos factores que poden explicar a súa preferencia por produtos dunha determinada zona.

49. No caso dos servizos funerarios, a xurisprudencia acepta de maneira unánime que tratase dun servizo de ámbito local dada a estreita vinculación existente entre o lugar de enterramento e velorio dunha persoa e unha concreta zona xeográfica onde dita persoa ten as súas raíces. Neste sentido, o Tribunal Supremo ten declarado que o mercado de servizos de tanatorio –e, en xeral, os servizos mortuorios- ten ámbito local, xa sexa restrinxido a unha localidade, xa á totalidade do termo municipal. En concreto, a Sentenza de 14 de xuño do 2013, afirma no FJ 11º que “os mercados descritos de servizos funerarios, de tanatorio e de cemiterio son de ámbito local”.
50. A representación de Pompas Fúnebres de Arousa, nas súas alegacións á primeira Proposta de resolución, cualifica de delirante a idea da Subdirección de Investigación do CGC de circunscribir o mercado relevante ao termo municipal, con argumentos de escaso peso científico como son a alusión á extensión xeográfica do municipio ou o feito de que os municipios lindeiros dispoñan tamén de tanatorio. Parece lóxico pensar que –por exemplo- á familia dun veciño de Santiago de Compostela gustaríalle que o seu cadáver fose velado na súa cidade, para facilitar un transo tan doloroso como é o falecemento dun achegado, independente da extensión que poida ter o termo municipal ou de que haxa outros tanatorios en municipios lindeiros. Entendemos que non é preciso abundar en tales argumentos dado o abafador peso da xurisprudencia antes aludida.
51. En definitiva, o mercado xeográfico relevante ten un carácter eminentemente local e está delimitado polo municipio de Catoira.

Poder de mercado

52. Unha vez definido o mercado relevante, o seguinte paso para aplicar o artigo 2 da LDC consiste en determinar se a empresa obxecto do expediente é dominante. Segundo a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza e a práctica das autoridades de competencia, os principais factores a ter en conta para avaliar o poder de mercado das empresas son a cota de mercado, a elasticidade da demanda e as barreiras de entrada.

53. A cota de mercado dunha empresa, é dicir, a porcentaxe do total de vendas nun mercado que realiza unha empresa en particular, constitúe o factor máis relevante á hora de analizar se ten poder de mercado. A definición do mercado relevante analizada no apartado anterior permite precisar os provedores e clientes que actúan nun mercado e, deste xeito, pódese calcular o tamaño total do mesmo, para despois determinar a porcentaxe que representa un operador en particular.
54. Aínda que non existe unha cota de mercado concreta que permita concluír automaticamente que unha empresa dispón de poder de mercado, a análise da xurisprudencia comunitaria permite establecer certas xeneralizacións: a) cotas de mercado moi elevadas (máis do 75% do mercado relevante) levan á conclusión de que existe poder de mercado sen necesidade de maiores indagacións; b) cotas de mercado elevadas (máis do 50%) considérase que *a priori* demostran a existencia de poder de mercado, sempre que non haxa probas noutro sentido; e c) cotas de mercado medianas (menos do 40%) adoitan dar a entender que non existe poder de mercado, salvo que o resto do mercado estea moi fragmentado. Así, por exemplo, na sentenza de 13 de febreiro de 1979 no asunto *Hoffman-A Roche*, o TJCE estimou que unha cota do 47% era suficiente para concluír que existía poder de mercado a tenor da reducida cota das empresas rivais.
55. No presente asunto, a posición dominante dunha empresa que –como Pompas Fúnebres de Arousa– é titular do único tanatorio que hai no termo municipal resulta acreditada pola elevadísima cota de mercado de que dispón. A entidade denunciada alega que a súa cota de mercado é moi inferior á que acabamos de indicar. Con todo, esta alegación parte dun punto de partida erróneo –a configuración dun mercado relevante máis amplo desde o punto de vista xeográfico– e, por tanto, non ha de ser estimada.
56. Para determinar se unha empresa ten poder de mercado é frecuente, como xa indicamos, recorrer tamén á análise das barreiras á entrada de novos competidores no mercado. Cando a entrada a un mercado é fácil, é difícil concluír que unha empresa poida exercer un poder de mercado porque calquera intento pola súa banda de aplicar un prezo excesivo pode ser inmediatamente contrarrestado por outras empresas que, a pesar de non estar presentes no mercado (competidores potenciais) acudirían rapidamente atraídas polos elevados prezos impostos pola empresa poderosa. Pola contra, cando a entrada no mercado é complicada, a empresa pode establecer máis facilmente prezos elevados porque os seus competidores potenciais non se atopan en disposición de contrarrestar o seu exercicio de poder de mercado.
